

Prazo de presentación das solicitudes: cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>).

Folgoso do Courel, 5 de abril de 2022.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0796

FOZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE FOZ

Mediante Decreto de Alcaldía n.º 2022-0244 de data 29 de marzo de 2022, aprobouse definitivamente o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable deste Municipio de Foz, o que se publica aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra o presente Acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a alcaldía deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Foz, 29 de marzo de 2022.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0759

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo do actual, prestou aprobación á modificación do regulamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Friol.

De conformidade co disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, sométese ao trámite de información pública, durante o o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se insertará na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello. No devandito prazo as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse ao Sr. Alcalde-Presidente e se resolverán polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, 31 de marzo de 2022.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0760

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2022-0070, foi aprobado o PADRÓN SAF XANEIRO 2022, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfíxeron as cotas, iniciárase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.